

DEPUTACIÓN PROVINCIAL

DA CORUÑA

**Acta da sesión ORDINARIA
celebrada pola EXCMA. CORPORACIÓN PROVINCIAL
o 28 de xaneiro de 2011**

Orde do día dos asuntos que se van tratar na sesión PLENARIA ORDINARIA que terá lugar o venres, 28 de xaneiro de 2011, ás DOCE HORAS.

ASUNTOS

Actas

[1.-Aprobar a acta da sesión ordinaria nº 12/10, do 17 de decembro e da acta da sesión extraordinaria nº 13/10, do 30 de decembro.](#)

[2.-Toma de coñecemento das resolucións ditadas pola Presidencia, da nº 24.500 á nº 27.460, de 2010.](#)

Comisión de Cooperación e Asistencia a Municipios

[3.- Aprobar o proxecto reformado da obra “Recuperación da contorna da pista polideportiva de Barizo” do Concello de Malpica de Bergantiños, incluída no Plan de Obras e Servizos \(POS\) 2008. Código: 08.2100.0155.0.](#)

Comisión de Plans Especiais, Medio Ambiente, Contratación e Equipamento

[4.- Aprobar o convenio co Concello de Teo para financiar a execución da obra da piscina climatizada cuberta no Concello de Teo.](#)

Comisión de Cultura, Educación e Patrimonio Histórico-Artístico

[5.- Integración da Deputación no Padroado da Fundación Gonzalo López Abente.](#)

Comisión de Economía, Facenda e Especial de Contas

[6.- Dar conta da aprobación do orzamento para o exercicio 2011 do Consorcio Provincial contraincendios e salvamento da Coruña.](#)

[7.- Dar conta da aprobación do orzamento para o exercicio 2011 da Fundación Axencia Enerxética provincia da Coruña \(FAEPAC\).](#)

[8.- Informe sobre o obxectivo de estabilidade presupostaria na unidade institucional da Deputación Provincial da Coruña: Orzamentos 2011.](#)

[9.- Dar conta dos informes sobre o estado de tramitación das facturas recibidas con anterioridade ao 1 de outubro de 2010, na aplicación do establecido na Lei 3/2004, pola que se establecen as medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais \(BOE nº 163, do 6 de xullo\).](#)

10.- Aceptar a ampliación das delegacións das competencias tributarias do Concello de Ares en materia de recadación voluntaria e executiva das sancións de tráfico.

11.- Aceptar a delegación de competencias do Concello de Ares en materia de instrución de expedientes sancionadores por infracción das normas sobre tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade viaria.

12.- Aceptar a ampliación das delegacións das competencias tributarias do Concello de Arzúa en materia de xestión, inspección e recadación das taxas pola utilización privativa ou aproveitamentos especiais constituídos no solo, subsolo ou voo das vías públicas municipais.

13.- Aceptar a ampliación das delegacións das competencias tributarias do Concello de Corcubión en materia de xestión, inspección e recadación da taxa pola utilización privativa ou aproveitamentos especiais constituídos no solo, subsolo ou voo das vías públicas.

14.- Aceptar a ampliación das delegacións das competencias tributarias do Concello de Irixoa en relación coas seguintes materias: xestión, inspección e recadación voluntaria e executiva da taxa por aproveitamento especial do dominio público local a favor de empresas explotadoras de servizos de subministración de interese social.

15.- Aceptar a ampliación das delegacións das competencias tributarias do Concello de Irixoa en materia de recadación voluntaria e executiva da taxa polo servizo de saneamento.

16.- Aceptar a ampliación das delegacións das competencias tributarias do concello de Neda en materia de xestión, inspección e recadación da taxa pola utilización privativa ou aproveitamentos especiais constituídos no solo, subsolo ou voo das vías públicas municipais.

17.- Aceptar a ampliación das delegacións das competencias tributarias do Concello de Oza dos Ríos en materia de xestión, inspección e recadación da taxa pola utilización privativa ou aproveitamentos especiais constituídos no solo, subsolo ou voo das vías públicas municipais.

18.- Aceptar a ampliación das delegacións das competencias tributarias do Concello de Sobrado en materia de xestión, inspección e recadación da taxa pola utilización privativa ou aproveitamentos especiais constituídos no solo, subsolo ou voo das vías públicas municipais.

19.- Aceptar a ampliación das delegacións das competencias tributarias do Concello de Teo en materia de xestión, inspección e recadación voluntaria e executiva da taxa pola utilización do dominio público local.

20.- Aceptar a ampliación das delegacións das competencias tributarias do Concello de Touro en materia de xestión, inspección e recadación da taxa pola utilización privativa ou aproveitamentos especiais constituídos no solo, subsolo ou voo das vías públicas municipais.

21.- Aceptar a ampliación das delegacións das competencias tributarias do Concello de Vilasantar en materia de xestión, inspección e recadación da taxa pola utilización privativa ou aproveitamentos especiais constituídos no solo, subsolo ou voo das vías públicas municipais.

22.- Aceptar a delegación de competencias en materia de instrución dos expedientes sancionadores por denuncias cursadas polo concello por infracción das normas sobre tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade viaria acordada polo Concello de Ordes.

23.- Aceptar a ampliación das delegacións de competencias tributarias do Concello de Ordes en materia de recadación voluntaria e executiva das sancións de tráfico.

ACTUACIÓN DE CONTROL
MOCIÓN
ROGOS E PREGUNTAS

DEPUTACIÓN PROVINCIAL

DA CORUÑA

SESIÓN ORDINARIA DA EXCMA. CORPORACIÓN PROVINCIAL EN PLENO DO 28 DE XANEIRO DE 2011

No salón de sesións do Pazo Provincial da Coruña, o día 28 de xaneiro de 2011, reuniuse a Excma. Corporación provincial para celebrar sesión **ordinaria**.

CONCORRENTES

PRESIDE EN AUSENCIA DO TITULAR O ILMO. SR.:

DON PABLO VILLAMAR DÍAZ

BNG

ASISTEN OS SRES. DEPUTADOS SEGUINTE:

DON JOSÉ ANTONIO BAAMONDE LÓPEZ	PP
DON JUAN MANUEL BALEATO IGLESIAS	PP
DON ALFONSO BALSEIRO GÓMEZ	PP
DON XOÁN MANUEL CABO PÉREZ	BNG
DON IGNACIO CODESIDO BARREIRO	PP
DON JOSÉ LUIS FERNÁNDEZ MOURIÑO	PP
DON ADOLFO GACIO VÁZQUEZ	PP
DOÑA MARÍA MONTSERRAT GARCÍA CHAVARRÍA	PSOE
DON JOSÉ LUIS GARCÍA GARCÍA	PSOE
DON JOSÉ LUIS GARCÍA GOROSTIZU	PP
DON JOSÉ GARCÍA LIÑARES	PSOE
DONA CARIDAD GONZÁLEZ CERVIÑO	PSOE
DONA ESTHER GONZÁLEZ VÁZQUEZ	PP
DON ANTONIO SALVADOR LAGARES PÉREZ	PSOE
DON JOSÉ MANUEL LÓPEZ VARELA	PP
DON JOSÉ FEDERICO NOGUEIRA FERNÁNDEZ	PSOE
DON JOSÉ MANUEL PEQUEÑO CASTRO	PSOE
DONA ROSANA PÉREZ FERNÁNDEZ	BNG
DON PEDRO PIÑEIRO HERMIDA	PSOE
DON JOSÉ MANUEL REY VARELA	PP
DON XOAN MANUEL SANDE MUÑIZ	BNG
DON JOSÉ MANUEL SANTOS MANEIRO	PP
DONA SILVIA SEIXAS NAIA	BNG
DOÑA MARÍA DEL PILAR SOUTO IGLESIAS	PSOE
DON JOSÉ MANUEL TRABA FERNÁNDEZ	PP

DONA MARGARIDA VÁZQUEZ VERAS
DON JESÚS VEIGA SABÍN
DON RAMÓN EDUARDO VELOSO RODRÍGUEZ

BNG
PP
PSOE

Non asisten o Sr. Fernández Moreda e o Sr. Rama Seoane.

Actúa como secretario, don José Luis Almau Supervía, secretario xeral da Corporación, e está presente o interventor adxunto, don Juan Bautista Suárez Ramos.

Aberto o acto ás doce horas e doce minutos, o Sr. Secretario le os asuntos incluídos na orde do día, verbo dos cales, por unanimidade, agás nos casos en que se indique, adoptáronse os seguintes acordos:

1.- APROBAR A ACTA DA SESIÓN ORDINARIA Nº 12/10, DO 17 DE DECEMBRO E DA ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA Nº 13/10, DO 30 DE DECEMBRO.

Apróbase a acta da sesión ordinaria nº 12/10, do 17 de decembro e a acta da sesión extraordinaria nº 13/10, do 30 de decembro.

2.- TOMA DE COÑECEMENTO DAS RESOLUCIÓNS DITADAS POLA PRESIDENCIA, DA Nº 24.500 Á Nº 27.460, DE 2010.

Toma de coñecemento das Resolucións ditadas pola Presidencia, da nº 24.500 á nº 27.460, de 2010.

3.- APROBAR O PROXECTO REFORMADO DA OBRA “RECUPERACIÓN DA CONTORNA DA PISTA POLIDEPORTIVA DE BARIZO” DO CONCELLO DE MALPICA DE BERGANTIÑOS, INCLUÍDA NO PLAN DE OBRAS E SERVIZOS (POS) 2008. CÓDIGO: 08.2100.0155.0.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Aprobar o proxecto reformado da obra “Recuperación da contorna da pista polideportiva de Barizo” do Concello de Malpica de Bergantiños, incluída no Plan de obras e servizos (POS) 2008 co código: 08.2100.0155.0, que nin supón unha modificación do orzamento total da obra, nin unha alteración substancial do contido do proxecto nin unha variación da finalidade ou do obxecto da obra, sen prexuízo da posterior aplicación do incremento do IVE do 16% ao 18%, como consecuencia da modificación deste tipo impositivo que entrou en vigor o 1 de xullo de 2010 e de conformidade co acordado polo Pleno na sesión do 26 de marzo de 2010, en virtude do cal a Deputación financiará o incremento do IVE correspondente ao proxecto inicialmente aprobado.

Código	Concello	Denominación	Deputación F. Propios	Deputación Préstamo	Estado	Concello.	Orzamento Total
08.2100. 0155.0	Malpica de Bergantiños	Recup. cotorna pista polidep. Barizo	23.256,23	16.009,33	6.659,07	4.075,37	50.000,00

A aprobación definitiva deste expediente queda condicionada á efectiva incorporación dos remanentes procedentes do exercicio 2010 no que se consignará a cantidade necesaria para o financiamento desta obra na partida 0501/459A/76201 do presuposto provincial para o exercicio 2011.”

4.- APROBAR O CONVENIO CO CONCELLO DE TEO PARA FINANCIAR A EXECUCIÓN DA OBRA DA PISCINA CLIMATIZADA CUBERTA NO CONCELLO DE TEO.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Aprobar a subscrición e o texto do convenio de colaboración entre a Deputación provincial e o Concello de Teo para financiar a execución da obra PISCINA CLIMATIZADA CUBERTA NO CONCELLO DE TEO, cunha achega de 1.312.811,69 € (1.200.000,00 € con cargo á anualidade 2011 e 112.811,69 € con cargo á anualidade de 2012), o que representa unha porcentaxe inicial de financiamento de 68,63256%), con cargo á aplicación 0501/342A/762.01, condicionado á aprobación definitiva do correspondente expediente de modificación de créditos da Deputación para a anualidade de 2011 e á existencia de crédito adecuado e suficiente no orzamento provincial para a anualidade de 2012.”

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE TEO PARA O FINANCIAMENTO DA REALIZACION DA OBRA DE CONSTRUCCION DUNHA PISCINA MUNICIPAL CUBERTA NO CONCELLO DE TEO

A Coruña, na sede da Deputación Provincial da Coruña

Reunidos

Dunha parte, o Excmo. Sr. presidente da Deputación Provincial da Coruña, Don Salvador Fernández Moreda

E doutra parte, o Sr. Martiño Noriega Sánchez, alcalde- presidente do Concello de Teo

Os comparecentes interveñen no uso das facultades que, por razón dos seus cargos, lles están atribuídas

MANIFIESTAN

Dado o interese coincidente da Deputación e do Concello de Teo ambas as dúas partes

A C O R D A N

Formalizar o presente CONVENIO DE COLABORACIÓN conforme ás seguintes cláusulas:

I.- OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Teo con CIF P1508300I, para o financiamento da obra de construción dunha piscina municipal cuberta no Concello de Teo, tal como aparece definida esta no proxecto (modificado de básico e de execución), redactado por don Ignacio Soto González (técnico municipal).

O Concello de Teo, na súa condición de promotora da obra, obrígase a obter con carácter previo as autorizacións administrativas que fosen necesarias, así como, no seu caso, a preceptiva licenza urbanística, e a satisfacer as taxas e impostos que se devenguen por tal causa, así como a obter a dispoñibilidade de terreos necesaria para a execución das obras.

II.- ORZAMENTO DE EXECUCIÓN DAS OBRAS

O presuposto total da execución de contrata da obra, segundo o proxecto técnico ao que se fai referencia na cláusula anterior, detállase do seguinte xeito:

P. E.M: 1.362.207,44€

GASTOS XERAIS 177.086,97€

BENEFICIO INDUSTRIAL 81.732,45€

IMPOSTO SOBRE O VALOR ENGADIDO (18%) 291.784,83€

PRESUPOSTO DE EXECUCIÓN POR CONTRATA 1.912.811,69€

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE

1. Considerando que a Deputación xa realizou no ámbito do Plan de piscinas cubertas climatizadas unha achega de 187.188,31€, no presente convenio comprométese unha achega máxima provincial de 1.312.811,69€ para un orzamento de 1.912.811,69€ o que representa unha porcentaxe inicial de 68,63256%. O coeficiente de financiamento definitiva obterase mediante a aplicación dos criterios establecidos na cláusula IV.4 do presente convenio.

2. No caso de que o gasto xustificado non acade o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 68,63256%, da cantidade efectivamente xustificada. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobramento.

3. A Deputación provincial financiará exclusivamente os gastos derivados do contrato de execución das obras e, xa que logo, non serán subvencionables os gastos de redacción de proxectos, tributos devengados pola obtención de licenzas, honorarios por dirección das obras, coordinación de seguridade e saúde, control de calidade, etc. Tampouco se financiarán os incrementos de gasto derivados de modificados, reformados ou liquidacións da obra.

4. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0501/342.A/76201 do presuposto provincial.

5. O importe do financiamento provincial resultante do novo proxecto farase efectivo con cargo ás anualidades que se indican no seguinte cadro:

	ANUALIDADE 2.011	ANUALIDADE 2.012	TOTAIS
DEPUTACION	1.200.000€	112.811,69€	1.312.811,69€
CONCELLO	412.811,69€	187.188,31€	600.000€
TOTAIS	1.612.811,69€	300.000€	1.912.811,69€

O presente convenio condiciónase á efectiva incorporación do remanente de crédito correspondente á anualidade 2011 e polo que respecta á anualidade 2012 á existencia de crédito adecuado e suficiente no orzamento provincial para o ano 2012.

6. A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

7. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1. Na condición de promotor, corresponderalle ao CONCELLO DE TEO o outorgamento do contrato de execución das obras descritas no proxecto ao que fai referencia a cláusula primeira.

2. No procedemento de contratación, o CONCELLO DE TEO axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público.

3.- Deberá utilizar os pregos-tipo de contratación da Deputación e non poderán recoller o concepto de “melloras”.

4. As baixas da adxudicación, se as houber, aplicaranse do seguinte modo, conforme á orde de preferencia que se indica:

1º Á achega municipal do ano 2012 ata esgotar o importe da devandita achega municipal.

2º A minorar a achega provincial do exercicio 2012 ata o seu importe total.

3º O resto da baixa se a houber, distribuirase entre as dúas entidades de acordo co coeficiente de financiamento que resulte da aplicación dos criterios anteriores

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1. Durante a execución das obras e ata o seu remate e recepción, o CONCELLO DE TEO estará obrigado a colocar un cartel que sexa visible polo menos a unha distancia de 25 metros no que, sen prexuízo doutras indicacións, figure o anagrama da Deputación e o importe da subvención concedida.

2. Rematada a obra, deberase colocar unha placa en lugar visible na que se deixe constancia da data de inauguración da obra e do financiamento provincial. O texto estará redactado en galego.

VI.- XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL

A achega provincial aboarase mediante certificacións de obra aprobadas polo órgano competente, unha vez aplicada a porcentaxe de financiamento provincial ao convenio, determinado conforme co establecido na cláusula IV.4., do presente convenio acompañado da seguinte documentación:

- Certificación do acordo de adxudicación do contrato de obras, na que se fagan constar, polo menos, os seguintes datos: empresa adxudicataria, importe do contrato e prazo de execución.
- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade social, segundo o disposto na cláusula OITAVA.
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- A ENTIDADE BENEFICIARIA estará obrigada a colocar un cartel que sexa visible polo menos a unha distancia de 25 metros no que, sen prexuízo doutras indicacións, figure o anagrama da Deputación e o importe da subvención concedida, de acordo co disposto na cláusula de publicidade. Desta obriga deberá enviar fotografía dilixenciada no reverso, para acreditar o seu cumprimento. De igual xeito se procederá coa placa

Rematada completamente a obra, aboarase a cantidade correspondente á última certificación da obra, unha vez que se presente na Deputación provincial a dita

certificación de obra e acompañada da seguinte documentación (en orixinal ou copia compulsada):

- Certificacións, acta de recepción e fotografía da obra realizada, que debe ser dilixenciada polo técnico-director
- Certificación do acordo de aprobación das certificacións de obra e do recoñecemento da obriga, expedida polo órgano competente.
- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA.
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- Acreditación do cumprimento das obrigas de publicidade previstas na cláusula QUINTA (mediante a presentación de fotografías dilixenciadas no reverso).

Certificación do acordo da incorporación do ben ao inventario de bens do CONCELLO DE TEO, facendo constar nos correspondentes asentos que o ben queda afectado á finalidade pública para a que foi concedida a subvención polo menos durante un prazo de cinco anos.

Deberá acreditar o pago efectivo a os terceiros do importe da achega provincial aboado nas certificacións anteriores

3. O aboamento da contía da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada polo CONCELLO DE TEO na documentación subministrada. E se transcorresen máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que cobrase o importe que lle corresponda, o CONCELLO DE TEO terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

O Concello de Teo deberá acompañar con cada nova certificación o aboamento da certificación anterior ao adxudicatario da obra.

VII.- TERMO PARA O REMATE DAS OBRAS E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

1. As obras que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas no proxecto técnico indicado na cláusula PRIMEIRA, deberán estar rematadas, polo menos, UN MES antes do vencemento do período de vixencia do presente convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.

2. Unha vez rematadas as obras, o CONCELLO DE TEO deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA no prazo máximo DUN

MES contado a partir da finalización daquelas e, en calquera caso, DOUS MESES antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula NOVENA.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se reciba ningunha xustificación, a unidade xestora remitiralle un requirimento ao CONCELLO DE TEO para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvención e demais responsabilidades establecidas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá ao CONCELLO DE TEO da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 55.6ª das de execución do Orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN

1. O CONCELLO DE TEO deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.

2. A acreditación do cumprimento das ditas obrigas poderá realizarse mediante a declaración responsable expedida polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificado ou ben autorizando á Deputación para que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinarao de oficio esta.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS

1. O CONCELLO DE TEO destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO

1. Consonte co disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de

subvencións de Galicia, o CONCELLO DE TEO poderá ser escollido pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Asemade, de acordo co establecido na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, o CONCELLO DE TEO queda sometido aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas establecidas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciárase de oficio e na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle, en todo caso, audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións establecidas nas normas citadas e na Base 55ª das de Execución do Orzamento da Deputación.

3. De conformidade co disposto na Base 55.6 das de Execución do Orzamento da Deputación, o atraso na realización das obras implicará unha sanción dun 10 por 100 do importe da subvención co límite de 75,00€ se o atraso non excede de tres meses. Se o atraso na realización das obras obxecto da actividade excede de tres meses, a sanción será dun 20 por 100 da subvención outorgada co límite de 150,00€.

4. E se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción establecida na lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00 €. Se excede dun mes e non chega a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00€. E se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00€.

5. Se o atraso se produce no pago ao adxudicatario ou terceiros que realizaron o obxecto do convenio, liquidarase o xuro legal do diñeiro polo período que medie entre o prazo indicado na cláusula VI.3 e a data do pago efectivo ao terceiro.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCÍONS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación do CONCELLO DE TEO serán remitidas á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade establecida no dito precepto.
2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.
3. Segundo o establecido no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención ao CONCELLO DE TEO será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es
4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1. O presente convenio de colaboración producirá efectos desde a súa sinatura e conservará a súa vixencia ata o 30/11/2012
2. Logo da solicitude do CONCELLO DE TEO, realizada, polo menos, dous meses antes da data indicada anteriormente, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes tomado antes de que expire a súa vixencia inicial e previos os informes preceptivos da unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación.
3. Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e despois dos mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE

- 1, O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo presidente da Deputación e o do CONCELLO DE TEO, respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias establecida na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado polo Pleno da Corporación en sesión celebrada o día

E en proba de conformidade, asinan en exemplar cuadriplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

O PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN
PROVINCIAL DA CORUÑA

O ALCALDE-PRESIDENTE DO
CONCELLO DE TEO

Salvador Fernández Moreda

Martiño Noriega Sánchez

5.- INTEGRACIÓN DA DEPUTACIÓN NO PADROADO DA FUNDACIÓN GONZALO LÓPEZ ABENTE.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“1.- Aprobar a integración da Deputación Provincial da Coruña, como Patrón, na Fundación Gonzalo López Abente, atendendo ao interese xeral que concorre nos seus obxectivos e finalidade.

2.- Aprobar os estatutos polos que se rexe a Fundación e que figuran incorporados ao expediente.

3.- Nomear representante da Corporación no dito Padroado ao deputado: Salvador Fernández Moreda, presidente da Deputación da Coruña.”

6.- DAR CONTA DA APROBACIÓN DO ORZAMENTO PARA O EXERCICIO 2011 DO CONSORCIO PROVINCIAL CONTRAINCENDIOS E SALVAMENTO DA CORUÑA.

Tomar coñecemento da aprobación do orzamento para o exercicio 2011 do Consorcio Provincial Contraincendios e Salvamento da Coruña.

7.- DAR CONTA DA APROBACIÓN DO ORZAMENTO PARA O EXERCICIO 2011 DA FUNDACIÓN AXENCIA ENERXÉTICA PROVINCIA DA CORUÑA (FAEPAC).

Tomar coñecemento da aprobación do orzamento para o exercicio 2011 da Axencia Enerxética da Provincia da Coruña.

8.- INFORME SOBRE O OBXECTIVO DE ESTABILIDADE PRESUPOSTARIA NA UNIDADE INSTITUCIONAL DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA: ORZAMENTOS 2011.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Tomar coñecemento do informe da Intervención provincial sobre a avaliación do obxectivo de estabilidade orzamentaria na unidade institucional “Deputación Provincial da Coruña” cos datos obtidos dos orzamentos e dos estados financeiros do exercicio 2011, para dar cumprimento ao disposto no artigo 16.2 do Regulamento de desenvolvemento da lei de estabilidade orzamentaria na súa aplicación as entidades locais, aprobado polo Real decreto 1.463/2007, do 2 de novembro.

O devandito informe conclúe que da información contida nos expedientes administrativos dos orzamentos do exercicio 2011, cada unha das entidades que integran a unidade institucional da Deputación Provincial da Coruña, o Consorcio Provincial de Incendios e a Fundación Axencia Provincial da Enerxía da Coruña (FAEPAC), cumpren o obxectivo de estabilidade orzamentaria e no conxunto consolidado non se fai necesaria a tramitación do Plan económico-financieiro ao que se refire o artigo 22.1 do Texto refundido da lei xeral de estabilidade orzamentaria.”

9.- DAR CONTA DOS INFORMES SOBRE O ESTADO DE TRAMITACIÓN DAS FACTURAS RECIBIDAS CON ANTERIORIDADE AO 1 DE OUTUBRO DE 2010, NA APLICACIÓN DO ESTABLECIDO NA LEI 3/2004, POLA QUE SE ESTABLECEN AS MEDIDAS DE LOITA CONTRA A MOROSIDADE NAS OPERACIÓNS COMERCIAIS (BOE Nº 163, DO 6 DE XULLO).

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Primeiro: Tomar coñecemento dos informes emitidos pola Intervención e a Tesourería provincial en cumprimento do establecido nos artigos 4 e 5 da Lei 15/2010, do 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, así como do estado de tramitación das facturas exposto nos distintos informes das unidades tramitadoras.

Segundo: Dispor que se proceda á inserción dun anuncio na páxina web da Deputación no que se indique que a documentación referenciada no apartado anterior

está ao dispor dos interesados para o seu exame e consulta no Servizo de Contabilidade.

Terceiro: Proceder ao envío da devandita documentación aos órganos competentes da Comunidade Autónoma e do Ministerio de Economía e Facenda.”

10.- ACEPTAR A AMPLIACIÓN DAS DELEGACIÓN DAS COMPETENCIAS TRIBUTARIAS DO CONCELLO DE ARES EN MATERIA DE RECADACIÓN VOLUNTARIA E EXECUTIVA DAS SANCIÓN DE TRÁFICO.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Aceptar a ampliación das competencias delegadas en materia tributaria acordada polo Concello de Ares en relación coa seguinte materia:

- Recadación voluntaria e executiva das sancións municipais por infraccións da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos de motor e seguridade viaria, incluíndo a colaboración previa para a identificación dos propietarios dos vehículos cos que se cometeran as infraccións.

O exercicio das competencias delegadas obxecto de aceptación, levarase a cabo nos termos establecidos nas bases para a prestación dos servizos tributarios aos concellos da provincia e terá efectos dende o día en que se publique este acordo no Boletín Oficial da Provincia conforme ao establecido no artigo 7 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo.”

11.- ACEPTAR A DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS DO CONCELLO DE ARES EN MATERIA DE INSTRUCCIÓN DE EXPEDIENTES SANCIONADORES POR INFRACCIÓN DAS NORMAS SOBRE TRÁFICO, CIRCULACIÓN DE VEHÍCULOS A MOTOR E SEGURIDADE VIARIA.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Aceptar a delegación de competencias en materia tributaria acordada polo Concello de Ares en relación coa seguinte materia:

- Aceptar a delegación de competencias en materia de sancións por infracción das normas sobre tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade viaria acordada polo Concello de Ares.

O exercicio das competencias delegadas obxecto de aceptación, levarase a cabo nos termos establecidos nas bases e terá efectos dende o momento no que se publique este acordo no Boletín Oficial da Provincia e no Diario Oficial de Galicia conforme ao establecido no artigo 7 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo.”

12.- ACEPTAR A AMPLIACIÓN DAS DELEGACIÓNS DAS COMPETENCIAS TRIBUTARIAS DO CONCELLO DE ARZÚA EN MATERIA DE XESTIÓN, INSPECCIÓN E RECADACIÓN DAS TAXAS POLA UTILIZACIÓN PRIVATIVA OU APROVEITAMENTOS ESPECIAIS CONSTITUÍDOS NO SOLO, SUBSOLO OU VOO DAS VÍAS PÚBLICAS MUNICIPAIS.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Aceptar a ampliación das competencias delegadas en materia tributaria acordada polo Concello de Arzúa en relación coa seguinte materia:

- Xestión, inspección e recadación voluntaria e executiva da taxa pola utilización privativa ou aproveitamentos especiais constituídos no solo, subsolo ou voo das vías públicas municipais a favor de empresas explotadoras de servizos de subministración de interese xeral. A xestión obxecto de delegación, afectará tanto ao suposto xeral do artigo 24 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, baseado no 1,5% dos ingresos brutos obtidos no termo municipal, como ao suposto especial da telefonía móbil.
- O exercicio das competencias delegadas obxecto de aceptación, levarase a cabo nos termos establecidos nas bases para a prestación dos servizos tributarios aos concellos da provincia e terá efectos dende o día en que se publique este acordo no Boletín Oficial da Provincia conforme ao establecido no artigo 7 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo. “

13.- ACEPTAR A AMPLIACIÓN DAS DELEGACIÓNS DAS COMPETENCIAS TRIBUTARIAS DO CONCELLO DE CORCUBIÓN EN MATERIA DE XESTIÓN, INSPECCIÓN E RECADACIÓN DA TAXA POLA UTILIZACIÓN PRIVATIVA OU APROVEITAMENTOS ESPECIAIS CONSTITUÍDOS NO SOLO, SUBSOLO OU VOO DAS VÍAS PÚBLICAS.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Aceptar a ampliación das competencias delegadas en materia tributaria acordada polo Concello de Corcubión en relación coa seguinte materia:

- Xestión, inspección e recadación da taxa pola utilización privativa ou aproveitamentos especiais constituídos no solo, subsolo ou voo das vías públicas a favor de empresas explotadoras de servizos de subministración de interese xeral. A xestión obxecto de delegación, afectará tanto ao suposto xeral do artigo 24 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, baseado no

1,5% dos ingresos brutos obtidos no termo municipal, como ao suposto especial da telefonía móbil.

- O exercicio das competencias delegadas obxecto de aceptación, levarase a cabo nos termos establecidos nas bases para a prestación dos servizos tributarios aos concellos da provincia e terá efectos dende o día en que se publique este acordo no Boletín Oficial da Provincia conforme ao establecido no artigo 7 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo.”

14.- ACEPTAR A AMPLIACIÓN DAS DELEGACIÓNS DAS COMPETENCIAS TRIBUTARIAS DO CONCELLO DE IRIXOA EN RELACIÓN COAS SEGUINTE MATERIAS: XESTIÓN, INSPECCIÓN E RECADACIÓN VOLUNTARIA E EXECUTIVA DA TAXA POR APROVEITAMENTO ESPECIAL DO DOMINIO PÚBLICO LOCAL A FAVOR DE EMPRESAS EXPLOTADORAS DE SERVIZOS DE SUBMINISTRACIÓN DE INTERESE SOCIAL.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Aceptar a ampliación das competencias delegadas en materia tributaria acordada polo Concello de Irixoa en relación coa seguinte materia:

- Xestión, inspección e recadación voluntaria e executiva da taxa por aproveitamento especial do dominio público local a favor de empresas explotadoras de servizos de subministración de interese social.

O exercicio das competencias delegadas obxecto de aceptación, levarase a cabo nos termos establecidos nas bases para a prestación dos servizos tributarios aos concellos da provincia e terá efectos dende o día en que se publique este acordo no Boletín Oficial da Provincia conforme ao establecido no artigo 7 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo.”

15.- ACEPTAR A AMPLIACIÓN DAS DELEGACIÓNS DAS COMPETENCIAS TRIBUTARIAS DO CONCELLO DE IRIXOA EN MATERIA DE RECADACIÓN VOLUNTARIA E EXECUTIVA DA TAXA POLO SERVIZO DE SANEAMENTO.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Aceptar a ampliación das competencias delegadas en materia tributaria acordada polo Concello de Irixoa en relación coa seguinte materia:

- Recadación voluntaria e executiva da taxa polo servizo de saneamento.

O exercicio das competencias delegadas obxecto de aceptación, levarase a cabo nos termos establecidos nas bases para a prestación dos servizos tributarios aos concellos da provincia e terá efectos dende o día en que se publique este acordo no Boletín Oficial da Provincia conforme ao establecido no artigo 7 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo.”

16.- ACEPTAR A AMPLIACIÓN DAS DELEGACIÓNS DAS COMPETENCIAS TRIBUTARIAS DO CONCELLO DE NEDA EN MATERIA DE XESTIÓN, INSPECCIÓN E RECADACIÓN DA TAXA POLA UTILIZACIÓN PRIVATIVA OU APROVEITAMENTOS ESPECIAIS CONSTITUÍDOS NO SOLO, SUBSOLO OU VOO DAS VÍAS PÚBLICAS MUNICIPAIS.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Aceptar a ampliación das competencias delegadas en materia tributaria acordada polo Concello de Neda en relación coa seguinte materia:

- Xestión, inspección e recadación voluntaria e executiva da taxa pola utilización privativa ou aproveitamentos especiais constituídos no solo, subsolo ou voo das vías públicas a favor de empresas explotadoras de servizos de subministración de interese xeral. A xestión obxecto de delegación, afectará tanto ao suposto xeral do artigo 24 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, baseado no 1,5% dos ingresos brutos obtidos no termo municipal, como ao suposto especial da telefonía móbil.

O exercicio das competencias delegadas obxecto de aceptación, levarase a cabo nos termos establecidos nas bases para a prestación dos servizos tributarios aos concellos da provincia e terá efectos dende o día en que se publique este acordo no Boletín Oficial da Provincia conforme ao establecido no artigo 7 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo.”

17.- ACEPTAR A AMPLIACIÓN DAS DELEGACIÓNS DAS COMPETENCIAS TRIBUTARIAS DO CONCELLO DE OZA DOS RÍOS EN MATERIA DE XESTIÓN, INSPECCIÓN E RECADACIÓN DA TAXA POLA UTILIZACIÓN PRIVATIVA OU APROVEITAMENTOS ESPECIAIS CONSTITUÍDOS NO SOLO, SUBSOLO OU VOO DAS VÍAS PÚBLICAS MUNICIPAIS.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Aceptar a ampliación das competencias delegadas en materia tributaria acordada polo Concello de Oza dos Ríos en relación coa seguinte materia:

- Xestión, inspección e recadación voluntaria e executiva da taxa pola utilización privativa ou aproveitamentos especiais constituídos no solo, subsolo ou voo das vías públicas a favor de empresas explotadoras de servizos de subministración de interese xeral. A xestión obxecto de delegación, afectará tanto ao suposto xeral do artigo 24 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, baseado no 1,5% dos ingresos brutos obtidos no termo municipal, como ao suposto especial da telefonía móbil.

O exercicio das competencias delegadas obxecto de aceptación, levarase a cabo nos termos establecidos nas bases para a prestación dos servizos tributarios aos concellos da provincia e terá efectos dende o día en que se publique este acordo no Boletín Oficial da Provincia conforme ao establecido no artigo 7 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo.”

18.- ACEPTAR A AMPLIACIÓN DAS DELEGACIÓNS DAS COMPETENCIAS TRIBUTARIAS DO CONCELLO DE SOBRADO EN MATERIA DE XESTIÓN, INSPECCIÓN E RECADACIÓN DA TAXA POLA UTILIZACIÓN PRIVATIVA OU APROVEITAMENTOS ESPECIAIS CONSTITUÍDOS NO SOLO, SUBSOLO OU VOO DAS VÍAS PÚBLICAS MUNICIPAIS.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Aceptar a ampliación das competencias delegadas en materia tributaria acordada polo Concello de Sobrado en relación coa seguinte materia:

- Xestión, inspección e recadación voluntaria e executiva da taxa pola utilización privativa ou aproveitamentos especiais constituídos no solo, subsolo ou voo das vías públicas a favor de empresas explotadoras de servizos de subministración de interese xeral. A xestión obxecto de delegación, afectará tanto ao suposto xeral do artigo 24 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, baseado no 1,5% dos ingresos brutos obtidos no termo municipal, como ao suposto especial da telefonía móbil.

O exercicio das competencias delegadas obxecto de aceptación, levarase a cabo nos termos establecidos nas bases para a prestación dos servizos tributarios aos concellos da provincia e terá efectos dende o día en que se publique este acordo no Boletín Oficial da Provincia conforme ao establecido no artigo 7 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo.”

19.- ACEPTAR A AMPLIACIÓN DAS DELEGACIÓNS DAS COMPETENCIAS TRIBUTARIAS DO CONCELLO DE TEO EN MATERIA DE XESTIÓN,

INSPECCIÓN E RECADACIÓN VOLUNTARIA E EXECUTIVA DA TAXA POLA UTILIZACIÓN DO DOMINIO PÚBLICO LOCAL.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Aceptar a ampliación das competencias delegadas en materia tributaria acordada polo Concello de Teo en relación coa seguinte materia:

- Xestión, inspección e recadación da taxa pola utilización do dominio público municipal por empresas prestadoras de servizos.

O exercicio das competencias delegadas obxecto de aceptación, levarase a cabo nos termos establecidos nas bases para a prestación dos servizos tributarios aos concellos da provincia e terá efectos dende o día en que se publique este acordo no Boletín Oficial da Provincia conforme ao establecido no artigo 7 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo.”

20.- ACEPTAR A AMPLIACIÓN DAS DELEGACIÓNS DAS COMPETENCIAS TRIBUTARIAS DO CONCELLO DE TOURO EN MATERIA DE XESTIÓN, INSPECCIÓN E RECADACIÓN DA TAXA POLA UTILIZACIÓN PRIVATIVA OU APROVEITAMENTOS ESPECIAIS CONSTITUÍDOS NO SOLO, SUBSOLO OU VOO DAS VÍAS PÚBLICAS MUNICIPAIS.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Aceptar a ampliación das competencias delegadas en materia tributaria acordada polo Concello da Touro en relación coa seguinte materia:

- Xestión, inspección e recadación voluntaria e executiva da taxa pola utilización privativa ou aproveitamentos especiais constituídos no solo, subsolo ou voo das vías públicas municipais a favor de empresas explotadoras de servizos de subministración de interese xeral. A xestión obxecto de delegación, afectará tanto ao suposto xeral do artigo 24 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, baseado no 1,5% dos ingresos brutos obtidos no termo municipal, como ao suposto especial da telefonía móbil.

O exercicio das competencias delegadas obxecto de aceptación, levarase a cabo nos termos establecidos nas bases para a prestación dos servizos tributarios aos concellos da provincia e terá efectos dende o día en que se publique este acordo no Boletín Oficial da Provincia conforme ao establecido no artigo 7 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo.”

21.- ACEPTAR A AMPLIACIÓN DAS DELEGACIÓN DAS COMPETENCIAS TRIBUTARIAS DO CONCELLO DE VILASANTAR EN MATERIA DE XESTIÓN, INSPECCIÓN E RECADACIÓN DA TAXA POLA UTILIZACIÓN PRIVATIVA OU APROVEITAMENTOS ESPECIAIS CONSTITUÍDOS NO SOLO, SUBSOLO OU VOO DAS VÍAS PÚBLICAS MUNICIPAIS.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Aceptar a ampliación das competencias delegadas en materia tributaria acordada polo Concello de Vilasantar en relación coa seguinte materia:

- Xestión, inspección e recadación voluntaria e executiva da taxa pola utilización privativa ou aproveitamentos especiais constituídos no solo, subsolo ou voo das vías públicas a favor de empresas explotadoras de servizos de subministración de interese xeral. A xestión obxecto de delegación, afectará tanto ao suposto xeral do artigo 24 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, baseado no 1,5% dos ingresos brutos obtidos no termo municipal, como ao suposto especial da telefonía móbil.

O exercicio das competencias delegadas obxecto de aceptación, levarase a cabo nos termos establecidos nas bases para a prestación dos servizos tributarios aos concellos da provincia e terá efectos dende o día en que se publique este acordo no Boletín Oficial da Provincia conforme ao establecido no artigo 7 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo.”

22.- ACEPTAR A DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS EN MATERIA DE INSTRUCCIÓN DOS EXPEDIENTES SANCIONADORES POR DENUNCIAS CURSADAS POLO CONCELLO POR INFRACCIÓN DAS NORMAS SOBRE TRÁFICO, CIRCULACIÓN DE VEHÍCULOS A MOTOR E SEGURIDADE VIARIA ACORDADA POLO CONCELLO DE ORDES.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Aceptar a delegación de competencias en materia de instrucción dos expedientes sancionadores por denuncias cursadas polo concello por infracción das normas sobre tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade viaria acordada polo Concello de Ordes.

O exercicio das competencias delegadas obxecto de aceptación, levarase a cabo nos termos establecidos nas bases e terá efectos dende o momento no que se publique este acordo no Boletín Oficial da Provincia e no Diario Oficial de Galicia, conforme ao establecido no artigo 7 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo.”

23.- ACEPTAR A AMPLIACIÓN DAS DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS TRIBUTARIAS DO CONCELLO DE ORDES EN MATERIA DE RECADACIÓN VOLUNTARIA E EXECUTIVA DAS SANCIÓN DE TRÁFICO.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Aceptar a ampliación das competencias delegadas en materia tributaria acordada polo Concello de Ordes en relación coa seguinte materia:

- Recadación voluntaria e executiva das multas por infraccións da normativa de tráfico.

O exercicio das competencias delegadas obxecto de aceptación, levarase a cabo nos termos establecidos nas bases para a prestación dos servizos tributarios aos concellos da provincia e terá efectos dende o día en que se publique este acordo no Boletín Oficial da Provincia conforme ao establecido no artigo 7 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo. “

ACTUACIÓN DE CONTROL ROGOS E PREGUNTAS

Sra. González Vázquez

Bos días a todos e a todas. Sr. presidente, comezo este ano novo, e xa vaticinado por algúns, incluído o presidente do Goberno de España, como ano difícil, preguntando sobre o interese que ten o goberno desta Deputación na frota de arrastre do porto coruñés. Á vista das actuacións, máis ben non actuacións, que se ven, parece que ningún, xa que non tivo a día de hoxe ningunha reunión co sector afectado. Non é de recibo que o goberno desta Deputación, con máis quilómetros de Galicia, con máis taxa de traballadores dependendo do mar, con 93.673 parados en toda a provincia e unha taxa de desemprego que aumentou un 57,88 durante este mandato, mire para outro lado e non se preocupe dos problemas dos homes e mulleres do mar. Está claro que para esta Deputación parece máis agradable facerse fotos amables en estradas, galas e premios e non dar a cara e achegarse á realidade do porto que está detrás desta parede. A frota coruñesa de arrastre está nunha situación límite debido á incapacidade do goberno central para defender as cotas que lle corresponden no sector pesqueiro galego por historia e por capacidade. O recorte do 93% da cota da captura de lirio, aprobado en Bruxelas, ante a inacción da ministra española de Medio Ambiente, Medio Rural e Mariño, foi a puntilla que terminará de desengranar o sector pesqueiro da nosa cidade. Asinouse a acta de defunción dunha frota de arrastre, que se verá condenada en pouco

tempo a amarrar os barcos e a botar á rúa a moitos mariñeiros. É inaceptable que o Goberno central asuma con toda tranquilidade que os nosos barcos non poidan pescar lirio no Cantábrico noroeste e que barcos doutros países poidan seguir pescando e abastecendo aos nosos mercados. España, que capturou unha media de 20.000 toneladas nos últimos 20 anos, mentres que os países do norte de Europa capturaron unha media dun millón de toneladas.

A pesar destes datos, os representantes do Goberno admitiron sen discusión que ao que menos pesque se lle recorte a cota do 93%, o que pon en risco o futuro de máis de 15.000 persoas que traballan no sector pesqueiro da cidade da Coruña. Con esta decisión non só se condena aos pescadores, senón que se condena tamén aos transportistas, estibadores, almacenistas, comerciantes polo miúdo e provedores. É inaudito que haxa barcos e mariñeiros galegos e coruñeses dispostos a traballar, que haxa pesca en abundancia, e a Comisión Europea non permita que se siga pescando, mentres que o Goberno de España mira para outro lado. Ademais tolérase de forma submisiva que Bruxelas elimine as paradas subvencionadas, non incremente as cotas de pesca no Gran Sol e que decida un pírrico aumento na cota da pesca. É dicir, cando se necesita máis pesca e máis traballo, atópanse mínimos históricos que aceptou o Goberno.

É por iso, polo que o PP cre que é momento de facer fronte común de todas as administracións e mostrar un apoio incondicional á frota de arrastre do porto coruñés que desenvolve unha actividade económica xeradora de miles de empregos. É por iso que cre que o Ministerio de Medio Ambiente, Medio Rural e Mariño, debe renegociar á alza o TAC do lirio e doutras especies, nas comisións pesqueiras do Atlántico nororiental, para adaptala á capacidade extractiva da frota galega e á situación real do stock. É momento para que o Goberno de España e desde esta Deputación se lle pida que impulse un estudo actualizado sobre a situación dos recursos pesqueiros no Cantábrico noroeste, a través do Instituto Oceanográfico, para coñecer a situación real do stock das diferentes especies.

Non me acusen, como gusta nesta Deputación, de mitineira, non me digan que esta Deputación non ten competencias neste problema, non lle boten a culpa á Xunta, posto que as negociacións en materia pesqueira é competencia do Goberno Central. Estamos ante un problema aumentado de desemprego, a realidade é cada vez máis que este Goberno da Deputación vai ser cómplice de decisións que pon en risco máis de 2.000 postos de traballo e 30 barcos que están detrás desta parede. Moitas grazas.

Sr. Presidente

Moitas grazas, Sra. González. En todo caso, da súa exposición, creo que vostede mesma xa se contestaba algo cando dicía que era competencia do Goberno Central, en todo caso imos estudalo en profundidade e darlle unha contestación á súa pregunta. Moitas grazas.

Sra. Pérez Fernández

Bos días. En representación do Bloque Nacionalista Galego quero facerlle unha suxestión, en todo caso, ou un rogo, que é o seguinte. Desde o noso Grupo vimos observando como nos últimos, non meses, senón nos últimos anos, por parte do Grupo da oposición nesta cámara tráense aquí preguntas que, efectivamente, non son de resolución desta cámara. Non só non son de resolución desta cámara, senón que ademais son preguntas que non se traen aquí como deputados ou deputadas provinciais, tráense única e exclusivamente como concelleiras dun concello determinado porque, en concreto, respecto da frota arrastreira da provincia da Coruña e respecto ao número de postos de traballo que se van ver afectados, evidentemente, dentro da provincia da Coruña temos moitísimos máis portos que o da cidade da Coruña, concretamente o porto de Ribeira, pertencente á comarca do Barbanza, máis outros portos tamén da provincia, están directamente afectados e gravemente afectados.

Por tanto, eu quería rogarlle, Sr. presidente en funcións, que a partir de agora, e aínda que xa estamos a acabar o mandato, e dificilmente terá solución isto, que se restrinxan en todo caso o tipo de preguntas, en todo caso, ás que afecten a toda a provincia da Coruña que é en calidade do que estamos aquí, deputados provinciais, non concelleiros dun concello concreto. Moitas grazas, Sr. presidente.

Sra. González Vázquez

Sen ánimo de facer ningún tipo de polémica, por suposto que eu son deputada que veño aquí a defender calquera cuestión da provincia. Dixen, de feito, de entrada que é a provincia de Galicia que ten máis quilómetros de costa, defendín calquera barco e calquera situación de mariñeiros, de traballo, e puxen o exemplo, por proximidade neste momento xeográfica, do porto da Coruña, pero evidentemente trouxéronse outros asuntos, entre eles o do carbón, e fíxose unha declaración institucional, é dicir, non sei a que veñen esas ganas de facer unha polémica cando o que defendemos son postos de traballo. Aquí fixéronse declaracións institucionais de asuntos de Estado, e creo que unha Deputación é unha administración máis que ten que contribuír a buscar solucións. Nada máis.

Non habendo máis asuntos dos que tratar remata a sesión, sendo as doce horas e trinta minutos, procedéndose a redactar a acta e autorizándose a súa transcripción, que asino co Ilmo. Sr. Presidente, de todo o cal, eu, o secretario, dou fe.